

GUÍA DOCENTE DE **SISTEMAS DE CLASIFICACIÓN DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I - II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: SISTEMAS DE CLASIFICACIÓN DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I - II									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:
									2h.

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento, estudo e clasificación, segundo os diferentes sistemas, das formas musicais vocais e instrumentais máis características da música de tradición oral das diferentes culturas.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X14, X20, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM1, EM5, EM6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer diacrónica e sincronicamente as formas, xéneros, estilos e tendencias musicais no ámbito das músicas tradicionais e populares.	T2, X14, EM1, EM5
Contextualizar os procesos creativos no seu medio social e cultural.	T2, T16, X14, X23, EM5
Coñecer os diferentes sistemas de clasificación das músicas de tradición oral.	T2, X20, EM1, EM6
Ler, analizar e interpretar textos e fontes, como base para o coñecemento das músicas de tradición oral.	T1, T2, T4, T8, X5, EM5
Valorar as músicas de tradición oral.	T16, T17, X23

4. CONTIDOS
Introdución: A clasificación das músicas de tradición oral.
Sistemas de ordenación e clasificación
Clasificación segundo o ciclo anual



Clasificación segundo o ciclo vital
Sistemas de clasificación musical
Sistemas de clasificación na música tradicional española
Sistemas de clasificación na música galega
Outros sistemas de clasificación e ordenación

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro...).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*